

PROGRAMACIÓN do 25N

Tal e como se foi informando por email, desde o Equipo de Igualdade, o Proxecto 365 en Igualdade, e en colaboración con Vicedirección, o Equipo de Biblioteca, o Equipo de Normalización, o Departamento de Plástica, o Departamento de Castelán e o Departamento de Galego, vanse levar a cabo as seguintes accións:

EXPOSICIÓN 25N no IES Mendiño

Exporase A Balteira con pares de zapatos vermellos ao seu redor, en homenaxe ás 40 mulleres vítimas da violencia machista ao longo desde ano 2025.

REPARTO DE MARCAPÁXINAS

O alumnado de 1º de Bacharelato preparou uns marcapáxinas nos que lles deron a volta a refráns machistas. Estes marcapáxinas serán distribuídos entre o alumnado dos cursos máis baixos (1º, 2º e 3º da ESO e, se sobrasen, tamén 4º ESO) durante a xornada do 25N: en principio distribuiranse a 1ª e 3ª hora, cunha pequena explicación (en 5') da actividade.

VISIONADO DE CURTAS SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA

Desde o Departamento de Galego promóvese o visionado de curtas que permitan ao alumnado reflexionar sobre a lacra da violencia machista e analizar as posibilidades de erradicala da nosa sociedade.

COLABORACIÓN CO CONCELLO

Coma todos os anos, o centro colabora co Concello de Redondela. Nesta ocasión entreviue nunha siluteta á que se lle pegaron mensaxes contra a violencia machista. Esta silueta foi intervenida artisticamente polo departamento de Plástica e exporase, xunto a moitas outras, no Multiúsos do Concello.

O IES Mendiño tamén estará presente, co alumnado de 3º e 4º PDC, acompañados da coordinadora do Equipo de igualdade e da Vicedirectora, no acto de Presentación da Campaña do 25N.